

# **ANEXO 1: O MEDIO FLUVIAL**

## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....3
2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA CANLE.....3
3. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO TRAMO A RESTAURAR.....4

## 1. INTRODUCCIÓN

Para unha correcta planificación da restauración é preciso coñecer o medio fluvial e as súas características tanto no tramo sobre o que se vai a actuar como na totalidade do río.

## 2. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA CANLE


O Río Tambre nace nos Montes de Bocelo, Concello de Sobrado dos Monxes a 510 m de altitude, flúe en dirección E-W ata a súa desembocadura no océano Atlántico, na ría de de Muros e Noia.

O seu percorrido é de uns 139 Km, e neste atravesa os Concellos coruñeses de Sobrado dos Monxes, Curtis, Vilasantar, Boimorto, Mesía, Frades, Arzúa, O Pino, Oroso, Ordes, Trazo, Tordoia, Santiago de Compostela, Val do Dubra, Ames, A Baña, Brión, Negreira, Outes e Noia.

A súa cunca ocupa unha superficie de uns 1500 Km<sup>2</sup>.

Os seus principais afluentes son o Samo, o Maruzo, o Lengüelle e o Mera.

Imaxe 1: Percorrido completo da conca do Tambre.



Os xistos de Ordes predominan no sustrato litolóxico na parte máis alta, aínda que o seu paso por Sigüeiro pasan a dominar os granitos de dúas micas. Como dominan as rochas ácidas e metamórficas os solos serán ácidos.

Abundan as terras pardas.

O río Tambre posúe zonas Lic (lugares de importancia comunitaria), pertencendo a rede natura 2000.

A súa vez o esteiro do Tambre, situado ó fondo da ría de Muros e Noia tamén ten outro tipo de protección especial ZPNV (Zona de Especial Protección de los Valores Naturais).

A pendente media do Tambre é de 1,3 % e o final do tramo o seu caudal absoluto medio é de 38 m<sup>3</sup>/seg.

### 3. CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DO TRAMO A RESTAURAR.

Tramo de augas aparentemente limpas, non se dispoñen analíticas de agua pero existen bioindicadores de calidade (fauna e algas) que indican ausencia de contaminación. O río presenta numerosos residuos de carácter forestal debidos a climatoloxía adversa e abandono da zona. (Ver anexo II: fotográfico)

Dentro do tramo distínguense 3 subzonas tal e como se indica na seguinte imaxe:

**Imaxe 2:** Distintas zonas do tramo



- **Subzona en vermello:** Pequena presa de pedra. Calado superior a 1,5 m. Desbórdase nos invernos.
- **Subzona violeta:** O río bifúrcase, formando insuas no interior, adquire velocidade.
- **Subzona azul:** Parte final do tramo a restaurar, remata nunha ponte. O río perde velocidade e o calado é mínimo no verán (menos de 50 cm).